

RECOMENDACIÓNS SOBRE A PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DO ALUMNADO

As Universidades teñen encomendado o servizo público do ensino superior o que implica, entre outras facultades, a de verificar os coñecementos dos seus estudantes.

Doutra banda, os/as estudantes teñen dereito a coñecer toda cualificación (sexa global ou parcial, final ou provisional) que se lle outorgue no desenvolvemento dunha materia. Pero tamén se pode defender que teñen un interese lexítimo¹ a coñecer as cualificacións do resto de estudantes do seu grupo sometido á mesma avaliación de coñecementos. Iso supón que a publicación das cualificacións sexa o medio que permite acadar esta finalidade.

Agora ben, dende o momento que esa publicación implica facer accesible a unha pluralidade de individuos un documento que incluíra necesariamente datos persoais (os propios resultados académicos e os datos identificativos de cada un dos alumnos e alumnas), é necesario poñer esta actuación en conexión coa normativa de protección de datos.

Estas recomendacións, dirixidas ao persoal docente, teñen por finalidade establecer unha serie de pautas ou consellos para que a posta a disposición do alumnado das cualificacións se faga cumprindo co Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD), coa Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e co marco xurídico universitario.

Base lexitimadora do tratamento

A Lei Orgánica 4/2007 de modificación da LOU contén unha disposición adicional 21^a que establece que *“no será preciso el consentimiento de los estudiantes para la publicación de los resultados de las pruebas relacionadas con la evaluación de sus conocimientos y competencias ni de los actos que resulten necesarios para la adecuada realización y seguimiento de dicha evaluación”*. Tendo en conta esta norma, a publicación das cualificacións dos estudantes, entendida como actuación necesaria e derivada dunha das tarefas propias que integran o servizo público encomendado ás Universidades, sería perfectamente lexítima consonte co artigo 6.1.e) do RGPD: *“el tratamiento es necesario para el cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos conferidos al responsable del tratamiento”*.

Pero considerando ese interese lexítimo antes citado dos alumnos e alumnas a coñecer a cualificación dos simultaneamente avaliados, a publicación tería tamén fundamento no artigo 6.1.f) do RGPD: *“el tratamiento es necesario para la satisfacción de intereses legítimos perseguidos por el responsable del tratamiento o por un tercero, siempre que sobre dichos intereses no prevalezcan los intereses o los derechos y libertades fundamentales del interesado”*.

Polo tanto, a publicación das cualificacións debe garantir o coñecemento por tódolos estudantes das súas cualificacións e das dos compañeiros de grupo e estando limitado o acceso aos profesores da materia ou grupo e do alumnado do mesmo.

Lugar de publicación

O lugar ou entorno no que se expoña o documento debe permitir acadar o obxectivo perseguido á vez que evite inxerencias e intrusionas de terceiros alleos que puideren facer un uso ilexítimo dos datos así expostos.

¹ Segundo di a Agencia Española de Protección de Datos (en adiante, AEPD) *“aun no tratándose los procedimientos de evaluación de procedimientos de concurrencia competitiva, las calificaciones obtenidas van a tener incidencia (...) en el otorgamiento de las matrículas de honor limitadas a un número de estudiantes, así como también en la concesión de premios extraordinarios (...) por lo que también podría apreciarse un interés legítimo de los alumnos del grupo en el conocimiento de las calificaciones de sus compañeros”* (Informe 30/2019, accesible en <https://www.aepd.es/es/documento/2019-0030.pdf>).

Queda, por tanto, totalmente desbotado facer a publicación de xeito aberto na Internet pois á parte de supoñer un coñecemento xeneralizado, “*el riesgo se incrementaría además como consecuencia de la posible indexación por los motores de búsqueda*” (AEPD, Informe 30/2019).

Segundo a AEPD “*se considera como medio preferente para proceder a dicha publicación, que la misma se realice en una intranet o aula virtual en la que estuviera limitado el acceso a los profesores y compañeros del grupo*” (AEPD, Informe 30/2019).

Como vía alternativa, no caso de non ser posible, a AEPD tamén contempla a posibilidade de exposición en taboleiros físicos, se ben condicionándoo a que se cumpran certos requisitos: “*siempre que no se encuentren en las zonas comunes de los centros, se garantiza que el acceso a los mismos queda restringido a dichas personas y se adopten las medidas necesarias para evitar su público conocimiento por quienes carecen de interés en el mismo*”.

A este respecto, a “*Guía de buenas prácticas en materia de Transparencia y Protección de Datos*”², documento elaborado pola CRUE Universidades Españolas de acordo coa AEPD, que contén un apartado 1.6 PUBLICACIÓN DE LOS LISTADOS CON LAS CALIFICACIONES DE LOS ESTUDIANTES, engade: “*Se procurará preservar la documentación a través de tabloneros cerrados con llave y, si no es posible, se monitorizará la información personal publicada evitando que la documentación pueda ser retirada por personas no autorizadas*”.

En consecuencia, esta delegada de protección de datos recomenda para a publicación dos listados de cualificacións o emprego da plataforma de formación dixital da Universidade de Vigo (na que o acceso do alumnado é restrinxido non só por canto esixe a súa previa identificación electrónica senón porque a alta nas distintas materias a outorgan os servizos informáticos en función das disciplinas nas que consta oficialmente matriculado/a) fronte aos taboleiros físicos.

Contido do documento que se publique

En calquera dos dous casos, os datos a publicar “*deberán limitarse al nombre y apellidos del alumno y la calificación obtenida. Solo en el caso de que hubiera alumnos con los mismos nombres y apellidos, deberá publicarse para ellos el número del DNI, aplicando lo previsto en el apartado 1 párrafo primero de la disposición adicional séptima de la LOPDGDD. (...) recomendándose por esta Agencia que se sigan los criterios contenidos en el documento «Orientación para la aplicación provisional de la disposición adicional séptima de la LOPDGDD*”³” (AEPD, Informe 30/2019).

A “*Guía de buenas prácticas...*” da CRUE recomenda, como salvagarda, “*incluir un texto explicativo en los listados y actas indicando que el destinatario de la información no puede difundir o usar los datos personales de los que ha tomado conocimiento sin estar autorizado previamente por el titular de los datos personales, siendo a todos los efectos responsable en caso de incumplimiento*”.

Tempo que se deben manter publicadas

Os listados coas cualificacións deben manterse expostos unicamente durante o tempo preciso para que cumpran co seu cometido, polo que “*en el caso de las calificaciones provisionales (...) mientras transcurre el plazo para presentar reclamaciones, y las calificaciones definitivas durante el tiempo imprescindible que garantice su conocimiento por todos los interesados*”.

Na Universidade de Vigo, os prazos de revisión veñen sinalados nos artigos 17 e 18.1 do Regulamento de Estudantes:

- a) Artigo 17: “*As cualificacións provisorias obtidas polos estudantes deberán ser expostas antes de que transcorra un período máximo de 30 días despois da realización do exame e, en calquera caso, 7 días antes da realización doutro exame da materia ou do establecemento da cualificación definitiva. O alumno/a terá dereito á revisión do seu exame, antes de que as súas cualificacións sexan definitivas, polo procedemento que estableza o Regulamento*

² Dispoñible en http://www.crue.org/Documento_compartidos/Publicaciones/Guía_de_buenas_prácticas_en_materia_de_Transparencia_y_Protección_de_Datos/Guía_de_buenas_prácticas_VD.pdf.

³ A disposición adicional sétima da LOPDGDD refírese a que o número de identificación se publique parcialmente (só catro díxitos). A “Orientación para a aplicación provisional...” á que fai referencia o Informe trátase dunha recomendación sobre os díxitos que se deben facer visibles; pódese acceder ao seu texto dende <https://www.aepd.es/sites/default/files/2019-09/orientaciones-da7.pdf>.

de réxime interno do centro, e no seu defecto mediante a aplicación do establecido nos estatutos e no Regulamento do Tribunal de Garantías.”

- b) Artigo 18.1: *“En caso de que o alumnado, tras coñecer a cualificación final e comentar a corrección das probas de avaliación co profesor/a responsable, estivese descontento coa puntuación conferida pode, nun prazo de quince días naturais a partir da publicación das cualificacións, solicitar a revisión das probas a través do centro, que de seguido dará traslado da petición ó consello do departamento encargado da docencia”, iniciándose así o procedemento de revisión.*

Ourense, 3 de febreiro de 2020

A delegada de protección de datos
da Universidade de Vigo

Asdo.: Ana Garriga Domínguez